

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
XGL/2019/15	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	15 de abril de 2019
Duración	Desde as 19:05 ata as 19:20 horas
Lugar	SALA DE SESIÓNS
Presidida por	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
Secretario	ELEUTERIO PENA LAMAS

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
77010633D	ANDRES GARCIA BASTON	SÍ
78734984G	JESÚS ANTONIO PEREZ GALLEGO	NON
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	SÍ
78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	SÍ
53113479Q	TANIA CASTRO PAREDES	NON
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	SÍ
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	SÍ
78736615W	ÁNGELA VIZOSO MARCOS	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.





A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior realizada en data 25 de marzo de 2019

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar o borrador da acta da sesión realizada en data 25 de marzo de 2019 pola Xunta de Goberno Local.

Expediente 1360/2019. Informe da policía local para ampliación de sinalización

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada por R. S. G., na que reclama a instalación de un sinal na marxe dereita, xunto coa colocación de bolardos.

Visto, así mesmo, o informe emitido en data 05.04.2019 pola policía local, que indica o seguinte:

"O departamento de sinalización do Concello de Cangas, por medio do presente expón:

O día 11.03.2019, foi aprobado en Xunta de Goberno Local o expediente nº 1360/2019, este departamento, cre conveniente reforzar a sinalización da rúa Freixo cun sinal vertical de prohibido estacionar á marxe dereita, así como, a colocación de bolardos para impedir o estacionamento no marxe dereita, asegurando así o servizo á empresa do solicitante R. S. G.".

Expediente 557/2019. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 557/2019.- Outorgar a E. G. G., con enderezo en rúa da Costa, nº X-Darbo, licenza de obras para construír unha piscina en dito lugar (referencia catastral X), de conformidade co proxecto elaborado pola arquitecta G. H. N., visado o 25 de xaneiro de 2019. Deberá formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza. O presuposto de execución material ascende a seis mil euros (6.000,00 €).

Expediente 3815/2018. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 3815/2018.- Autorizar a modificación da licenza de obras outorgada na





Xunta de Goberno Local de data 3 de setembro de 2018 a D. L. P. e A. F. G. , quedando da seguinte maneira: 72,20 m². de planta baixa; 30,80 m² de primeiro andar; 24,40 m². de terrazas; e 63,70 m². de garaxe, de conformidade co proxecto de execución visado de data 15 de xaneiro de 2019, elaborado polo arquitecto J. C. G.

Expediente 657/2018. Licenza urbanística

Non hai acordo

Motivo: Falta de tempo

A Xunta de Goberno acordou deixar o presente asunto sobre a mesa para mellor estudo.

Expediente 1572/2019. Licenza urbanística

Non hai acordo

Motivo: Falta de tempo

A Xunta de Goberno acordou deixar o presente asunto sobre a mesa para mellor estudo.

Expediente 1460/2019. Licenza urbanística

Non hai acordo

Motivo: Falta de tempo

A Xunta de Goberno acordou deixar o presente asunto sobre a mesa para mellor estudo.

Expediente 603/2019. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 603/2019.- Outorgar a E. F. R., con enderezo na Pedreira, nº X-Coiro, licenza de obras para, no lugar da Pedreira-Coiro (referencia catastral X) construír un muro de contención de terras de 35,00 m²., segundo o proxecto elaborado polo arquitecto técnico R. R. F., de data 25 de setembro de 2018. O presuposto de execución das obras ascende a cinco mil novecentos cincuenta e seis euros Con sesenta e seis céntimos (5.956,66 €).

Expediente 1568/2019. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 1568/2019.- A TELEFONICA DE ESPAÑA S.A.U., con domicilio a efectos de notificacións en rúa Urzáiz, X -Vigo, autorizar a ocupación de dominio público e conceder licencia de obras para execución dunha cala de reparación de canalización na calzada, no lugar da rúa San Xosé X- Cangas, de conformidade coa documentación presentada polo enxeñeiro técnico F. J. A. A., Ref: (7907606), cun





presuposto de execución das obras que ascende a 355,16 euros, e as seguintes condicións:

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo o 15 de setembro.

Nin durante o período das festas de nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de semana Santa.

Deberá regular o tráfico durante as obras.

Non se permiten reposicións parciais.

Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

No caso de que o Concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de Telefonica de España S.A.U. o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que elo supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Debera axustarse, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar todo vial

Para a conexión coas vivendas, advírtese da obriga imposta polo artigo 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galiza, da exigencia ós propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

Expediente 4605/2018. Licenza urbanística

Non hai acordo

Motivo: Falta de tempo

A Xunta de Goberno acordou deixar o presente asunto sobre a mesa para mellor estudo.

Expediente 1642/2019. Licenza urbanística

Non hai acordo

Motivo: Falta de tempo

A Xunta de Goberno acordou deixar o presente asunto sobre a mesa para mellor estudo.

Expediente 554/2019. Licenza urbanística





Concello de Cangas

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>EXPEDIENTE 554/2019.- Outorgar a E. P. R., con enderezo a efectos de notificacións X, titular do DNI nº X, agás o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra para demolición de parte de edificación sita en Laxielas X (antes Boubeta, X, Coiro), (referencia catastral X), para dar cumprimento á resolución de 13.10.2014 ditada no expediente de restauración da legalidade urbanística nº 25-2014 / Xestión 7003/2017. O presuposto de execución material das obras ascende mil cincocentos euros (1.500,00 €).</p>	

Expediente 1843/2019. Licenza urbanística	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>EXPEDIENTE Nº 1843/2019.- Conceder licenza de obras á comunidade de propietarios "SANTIAGO APÓSTOL", con enderezo na Avda. de Marín, nº X-Cangas, para mellora de accesibilidade en edificio sito no referido lugar (referencia catastral X), de conformidade co proxecto técnico elaborado polo arquitecto J. L. D. G., de data de visado 5 de febreiro de 2019. O presuposto de execución material ascende a trinta e cinco mil setenta e sete euros con cincuenta e cinco céntimos (35.077,55 €).</p>	

Expediente 1844/2019. Licenza urbanística	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>EXPEDIENTE Nº 1844/2019.- Conceder licenza de obras á comunidade de propietarios "SANTIAGO APÓSTOL", con enderezo na Avda. de Marín, nº X-Cangas, para mellora de accesibilidade en edificio sito no referido lugar (referencia catastral X), de conformidade co proxecto técnico elaborado polo arquitecto J. L. D. G., de data de visado 5 de febreiro de 2019. O presuposto de execución material ascende a trinta e catro mil cincocentos vinte e un euros con setenta e cinco céntimos (34.521,75 €).</p>	

Expediente 2035/2019. Licenza urbanística	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>EXPEDIENTE Nº 2035/2019.- Aceptar a renuncia á licenza urbanística de obra nº 24.324, outorgada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 1 de xuño de 2015, formulada por "AQUA ALDÁN SL", deixando esta sen efecto, declarando concluído o procedemento e o arquivo do expediente administrativo de referencia, de conformidade co previsto no artigo 94 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e visto o informe do inspector municipal de data 3 de abril de 2019.</p>	

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850





Expediente 1033/2018. Licenza urbanística de primeira ocupación		
Favorable	Tipo de Unanimidade/Asentimento	votación:
EXPEDIENTE Nº 1033/2018.- <u>Primeiro.-</u> Outorgar licenza municipal de primeira ocupación a "ANCORADOURO SL", con enderezo na Avda. Méndez Núñez, nº X-Cangas, para dúas vivendas unifamiliares adosadas sitas en rúa Enseñanza, nº X-Cangas (referencia catastral X) construídas ao abeiro da licenza municipal concedida no expediente nº 1033/2018, tendo en conta o informe-comprobación, emitido ao respecto polo arquitecto municipal de data 25 de marzo de 2019 e o informe emitido pola xefa do servizo de urbanismo de data 9 de abril de 2019. <u>Segundo.-</u> Aprobar a recepción das obras de urbanización previstas no mencionado proxecto e garantidas mediante aval, de conformidade co exposto polo técnico arriba citado.		

Expediente 6191/2018. Licenza urbanística de primeira ocupación		
Favorable	Tipo de Unanimidade/Asentimento	votación:
EXPEDIENTE Nº 6191/2018.- EXPEDIENTE Nº 23.981.- LICENZA Nº 23.197 <u>Primeiro.-</u> Outorgar licenza municipal de primeira ocupación a R. S. B., con enderezo na Avda. José Novas, X Aldán, para unha vivenda unifamiliar sito no referido lugar, construída ao abeiro da licenza municipal nº 23.197 (referencia catastral X), tendo en conta o informe-comprobación, emitido ao respecto polo arquitecto municipal de data 25 de marzo de 2019 e o informe emitido pola xefa do servizo de urbanismo de data 8 de abril de 2019. <u>Segundo.-</u> Apróbase a recepción das obras de urbanización previstas no mencionado proxecto e garantidas mediante aval, de conformidade co exposto polo técnico arriba citado.		

Expediente 7576/2017. Licenza urbanística de primeira ocupación		
Favorable	Tipo de Unanimidade/Asentimento	votación:
EXPEDIENTE Nº 7576/2017.- EXPEDIENTE DE OBRAS Nº 23.808.- LICENZA Nº 22.802.- Outorgar licenza municipal de primeira ocupación a M. C. S. B., con enderezo a efectos de notificación en rúa Noria, nº X-Cangas, para unha vivenda unifamiliar sita no lugar da Serra de Nacente-Darbo (referencia catastral X) construída ao abeiro da licenza municipal nº 22.802 e tendo en conta o informe-comprobación emitido ao respecto polo arquitecto municipal de data 11 de marzo de 2019 e o informe favorable da xefa do servizo de urbanismo de data 8 de abril de 2019.		





Expediente 2043/2018. Licenza urbanística de primeira ocupación

Favorable

Tipo de
Unanimidade/Asentimento

votación:

EXPEDIENTE Nº 2043/2018.- Outorgar licenza municipal de primeira ocupación a F. J. R. C., con enderezo na Avenida de Bueu, nº X-Cangas, para unha vivenda unifamiliar sita en Mato-Parada-Coiro (referencia catastral X) construída ao abeiro da licenza municipal nº 17.768, tendo en conta o informe-comprobación emitido ao respecto polo arquitecto municipal de data 10 de abril de 2019 e o informe emitido pola xefa do servizo de urbanismo de data 11 de abril de 2019 obrantes no expediente.

Expediente 744/2018. Licencia urbanística de primeira ocupación

Favorable

Tipo de
Unanimidade/Asentimento

votación:

EXPEDIENTE Nº 744/2018.- Outorgar licenza municipal de primeira ocupación a D. B. O., con enderezo a efectos de notificacións no correo electrónico X titular do DNI nº X, para vivenda unifamiliar sita en rúa Real, nºX-Cangas (referencia catastral X), construída ao abeiro da licenza municipal nº 744/2018, tendo en conta os planos do estado final de obra visados o 12.12.2018, o informe-comprobación emitido ao respecto pola arquitecta municipal, con data 26 de marzo de 2019 e o informe da xefa do servizo de data 8 de abril de 2019.

Expediente 1599/2019. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 1599/2019.- Dase conta da comunicación previa presentada por M. J. R. B., para substitución parcial e remate de cerramento lateral en Paraíso, nº X- Darbo, de conformidade coa documentación presentada polo arquitecto técnico R. S. C. de data 11 de marzo de 2019 (referencia catastral X). O presuposto de execución das obras ascende a seiscentos dezanove euros con noventa e seis céntimos (619,96 €).

Expediente 1965/2019. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de
Unanimidade/Asentimento

votación:

EXPEDIENTE Nº 1965/2019.- Dase conta da comunicación previa presentada por A. L. B., titular do DNI nº X, con enderezo a efectos de notificacións en rúa San José, nº X-Cangas, para acondicionamento de local para despacho de pan en rúa Real, nº X (referencia catastral X), de conformidade coa documentación incorporada ao expediente elaborada polos arquitectos R. A. A.,





M. F. E. e A. L. N., que obra no expediente de data 1 e 2 de abril de 2019. A obra desenvolverase no ámbito de afección do PEPRI e cumprirá coa súa normativa de aplicación. O presuposto de execución material ascende a cinco mil setecentos euros (5.700,00 €).

Expediente 523/2019. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de
Unanimidade/Asentimento

votación:

EXPEDIENTE Nº 523/2019.- Dase conta da comunicación previa presentada por M. G. S. titular do DNI nº X, con enderezo a efectos de notificacións en rúa Olof Palme, nº X-Las Palmas, para saneado do segundo andar da vivenda sita en rúa Benigno Soage, nº X-Cangas (referencia catastral X), segundo o estudo técnico asinado polo arquitecto técnico R. B. R. que obra no expediente de data 23 de xaneiro de 2019. A obra desenvolverase no ámbito de afección do PEPRI e cumprirá coa súa normativa de aplicación. O presuposto de execución material ascende a catro mil cincocentos cincuenta e nove euros con corenta e catro céntimos (4.559,44 €).

Expediente 1357/2019. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de
Unanimidade/Asentimento

votación:

EXPEDIENTE Nº 1357/2019.- Dase conta da comunicación previa presentada por A. C. P., titular do DNI nº X, con enderezo a efectos de notificación no enderezo electrónico X, para reforma, consolidación, suplemento de cerramentos e colocación de portais en parcela sita en Estrada de Darbo, nº X-Cangas (referencia catastral X), de conformidade coa documentación incorporada ao expediente de data marzo de 2019 e visto o informe do inspector municipal de data 9 de abril de 2019. O presuposto de execución material ascende a mil trinta e tres euros con trinta e dous céntimos (1.033,32 €).

Expediente 1950/2019. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de
Unanimidade/Asentimento

votación:

EXPEDIENTE Nº 1950/2019.- Dase conta da comunicación previa presentada por M. C. P. N., titular do DNI nº X, con enderezo a efectos de notificacións na Avda. da Coruña, nº X-Cangas, para reposición de material de cubrición en vivenda existente sita no referido lugar (referencia catastral X), de conformidade coa documentación redactada polo arquitecto D. V. F. de data 27 de marzo de 2019. O presuposto de execución material ascende a dez mil cento nove euros con oitenta e seis céntimos (10.109,86 €).





Expediente 1951/2019. Comunicación previa en materia urbanística		
Favorable	Tipo de Unanimidade/Asentimento	votación:
EXPEDIENTE Nº 1951/2019.- Dase conta da comunicación previa presentada por J. M. M., titular do DNI nº X, con enderezo a efectos de notificacións en estrada de Erbello-A Madalena, nº X, para mellora de cerramento de parcela con instalación de acceso peonil e pintado de fachada de vivenda sita no referido lugar (referencia catastral X), de conformidade coa documentación redactada pola arquitecta C.A.N. de data marzo de 2019 e vista a autorización da Deputación de Pontevedra de data 31 de outubro de 2018. O presuposto de execución material ascende a tres mil trescentos trinta e catro euros (3.334,00 €).		

Expediente 1636/2019. Comunicación previa en materia urbanística		
Favorable	Tipo de Unanimidade/Asentimento	votación:
EXPEDIENTE Nº 1636/2019.- Dase conta da comunicación previa presentada por "ARAÚJO VIDAL CB", para picado de planta baixa, limpeza e pintado das plantas altas de edificación sita en rúa Cega, nº X-Cangas (referencia catastral X), de conformidade coa documentación presentada de data 15 de marzo de 2019. O presuposto de execución das obras ascende a sete mil setecentos oitenta euros con nove céntimos (7.780,09 €).		

Expediente 1940/2019. Comunicación previa en materia urbanística		
Favorable	Tipo de Unanimidade/Asentimento	votación:
EXPEDIENTE Nº 1940/2019.- Dase conta da comunicación previa presentada por COMUNIDADE PROPIETARIOS "NAZARET 18", titular do CIF nº X, con enderezo a efectos de notificacións en Nazaret, nº X-Cangas, para saneamento de cuberta de edificación sita no referido lugar (referencia catastral X), de conformidade coa documentación redactada polo arquitecto J. A. F.M. de data marzo de 2019. O presuposto de execución material ascende a cinco mil douscentos euros (5.200,00 €).		

Expediente 2087/2019. Comunicación previa en materia urbanística		
Favorable	Tipo de Unanimidade/Asentimento	votación:
EXPEDIENTE Nº 2087/2019.- Dase conta da comunicación previa presentada por A. G. S., titular do DNI nº X, con enderezo a efectos de notificación no correo electrónico X, para reparación de fachadas da planta baixa de edificación sita en rúa Lirio, nº X-Cangas (referencia catastral X), de conformidade coa documentación redactada polo arquitecto J. R. L. data 3 de abril de 2019. A obra		





desenvolverase no ámbito de afeción do PEPRI e cumprirá coa súa normativa de aplicación. O presuposto de execución material ascende a mil quince euros con oitenta e tres céntimos (1.015,83 €).

Expediente 1467/2019. Comunicación previa de actividade

Favorable

Tipo de
Unanimidade/Asentimento

votación:

EXPEDIENTE Nº 1467/2019.- Dase conta da comunicación previa presentada por P. M. A., titular do DNI nºX, con enderezo a efectos de notificacións en rúa Baiona, nº X, para a actividade de Oficina de seguros no local sito en rúa do Hío, nº X (referencia catastral X), visto o informe favorable da arquitecta municipal de data 8 de abril de 2019.

Expediente 5467/2018. Comunicación previa de cambio de titularidade de actividade

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 5467/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por P. G., titular do DNI nº X, con enderezo a efectos de notificacións en rúa Lirio, nº X, para cambio de titularidade de comercio para venda polo miúdo de produtos de acupuntura en local sito en rúa Real, nº X-Cangas (referencia catastral X) que ata agora rexentaba M. M. S. M., visto o informe favorable da arquitecta municipal de data 8 de abril de 2019.

Expediente 1901/2019. Solicitude de axuda á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para a promoción do uso da lingua galega-2019

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a solicitude emitida en data 10.04.2019 polo concelleiro de ensino e deporte, referente a solicitude de axuda á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, para a promoción do uso da lingua galega, que é como segue:

"Solicitude de axuda á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para a promoción do uso da lingua galega-2019.

Vista no DOG a publicación da Orde de 15 marzo de 2019 da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, pola que se establecen as bases para a concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega e se procede a súa convocatoria (PL400A).





Reunindo os requisitos que se especifican na orde citada e co fin de consolidar o papel normalizador no uso do galego como principal lingua de traballo no propio Concello e na comunicación cos/coas veciños/veciñas, propoño á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Solicitar unha axuda polo importe de catro mil trescentos noventa euros con noventa e un céntimos (4.390,91 €), para o desenvolvemento de dinamización lingüística para a promoción do uso da lingua galega, mediante as seguintes actividades e importes:

1.- Campaña de fomento do uso do galego e promoción da cultura galega entre as comisións de festas populares: catro mil euros (4.000,00 €).

2.- Xornada de ciencia e tecnoloxía: mil trescentos doce euros con noventa e nove céntimos (1.312,99 €).

Segundo.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na orde de convocatoria.

Terceiro.- Declarar que tanto para a campaña de fomento do uso do galego e promoción da cultura galega entre as comisións de festas populares, como para a xornada de ciencia e tecnoloxía, non se solicitou ningunha outra axuda de entidade pública ou privada".

Expediente 1557/2019. Escrito da Deputación Provincial de Pontevedra referente a addenda ao convenio marco de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e os concellos da provincia para para "Prestación de servizo para implantación, uso e soporte dunha solución de administración electrónica para os concellos"

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente o escrito emitido en data 14.03.2019 pola Deputación de Pontevedra, referente a addenda ao convenio marco de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e os concellos da provincia para a implantación do proxecto "Servizo de administración electrónica para concellos", que é como segue:

"ADDENDA AO CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACION DE PONTEVEDRA E OS CONCELLOS DA PROVINCIA CUNHA POBOACIÓN INFERIOR A 50.000 HABITANTES PARA A IMPLANTACIÓN DO PROXECTO "SERVIZO DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA PARA CONCELLOS"

En Pontevedra/Cangas 14-03-2019

REUNIDOS

Dona María del Carmen Silva Regó, presidenta da Deputación Provincial, de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/85, de 2 de abril,





reguladora das bases do Réxime local.

D. Xosé Manuel Pazos Varela, alcalde do Concello de Cangas, actuando en representación deste en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 124.1.4 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local.

Dando fe do acto, D. C. C. R., secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra.

Ambas as partes recoñécense con capacidade para formalizar este convenio e, con base nos principios de elaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións entre as administracións públicas,

EXPOÑEN

Primeira.- Que con data 31 de marzo de 2017, se aprobou o convenio marco de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e os concellos da provincia cunha poboación inferior a 50.000 habitantes, para a implantación do proxecto 'Servizo de administración electrónica para concellos'.

Segunda.- Que a cláusula sexta do convenio indicaba que a duración do convenio poderá ser prorrogado ata dous anos máis, no caso de que se prorrogue o acordo marco que rexe o procedemento de contratación do servizo. A prórroga deberá acordarse expresamente por mutuo acordo das partes, sen que poida producirse o seu consentimento tácito.

Terceira.- Que con data 11 de outubro de 2018 a Deputación de Pontevedra prorrogou o acordo marco que prestación do servizo para a implantación, uso e soporte dunha solución de administración electrónica para concellos (Expte. nº 2016008622) ata o 8 de novembro de 2020.

Cuarta.- Que o artigo 36.2.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local, establece como competencia propia das deputacións provinciais dar soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e a realización de actividades materiais e de xestión.

Quinta.- Que a cooperación interadministrativa para a aplicación coordinada da normativa reguladora dunha determinada materia, poderase plasmar a través dun convenio no que se prevexan as condicións e compromisos que asumen as partes que o subscriben, tal e como preceptúa o artigo 144 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Sexta.- Que a Deputación de Pontevedra, consciente da gran demanda e a importancia do servizo de administración electrónica para os 53 concellos adheridos ao convenio, desexa estender, mediante esta addenda, o seu ámbito de aplicación.

Sétima.- Resultando de interese para o concello continuar co servizo de administración electrónica.

ACORDAN

PRIMEIRA.- Ampliación da vixencia

Ampliar a vixencia do convenio ata o 8 de novembro de 2020, data de finalización do acordo marco.





A vixencia total do presente convenio non se estenderá máis do prazo de 4 anos establecido no art. 49 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

SEGUNDA.- Efectos da addenda

A presente addenda xurdirá efectos desde a súa sinatura.

Agás nas modificacións expostas na presente addenda, mantéñense plenamente en vigor todos e cada un dos termos e condicións do convenio.

TERCEIRA.- Réxime xurídico

A regulación establecida nesta addenda axustarase, en todo o non especificamente regulado nela, ao réxime xurídico establecido nas cláusulas do convenio de colaboración do que trae causa.

E para que conste, e en proba de conformidade, asinan as persoas interviñentes a presente addenda ao convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e os concellos da provincia cunha poboación inferior a 50.000 habitantes, para a implantación do proxecto "Servizo de administración electrónica para concellos".

Expediente 6568/2017. Dación de conta de Auto nº 74/2019 ditado no PO nº 265/2017 polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 3 de Pontevedra

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local queda informada dos seguintes datos correspondentes ao Auto nº 74/2019, ditado polo Xulgado do Contencioso Administrativo, nº 3 de Pontevedra, que son como seguen:

ASUNTO: Dar conta do Auto nº 74/2019 do PO nº 265/2017, ditado polo Xulgado do Contencioso Administrativo, nº 3 de Pontevedra á Xunta de Goberno Local:

1.- PO 265/2017.- AUTO Nº 74/2019 DITADO POLO XULGADO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO, Nº 3 DE PONTEVEDRA.

- A persoa recorrente: A. S. M.

- Contido: procede acordar o ARQUIVO DO PROCEDEMENTO do PO nº 265/2017, por desistimento da parte actora, con condena en custas a cargo de dita parte cun límite máximo de seiscentos euros (600,00 €), no relativo a gastos de defensa e representación, importe que se divide entre as dúas partes que interviñeron como demandadas: límite máximo trescentos (300,00 €), para o Concello e doutros trescentos euros (300,00 €), para a parte codemandada.

- Auto non é firme, pois cabe interpoñer recurso de apelación no prazo de 15 días desde a súa notificación.





Expediente 2221/2019. Dación de conta de sinatura de convenio co "Club Balonman Cangas"

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local queda informada de sinatura en data 10.04.2019 do convenio co "Club Balonmán Cangas", dentro do marco anual de axudas a entidades deportivas locais, para o desenvolvemento de actividade deportiva durante o ano 2019, que é como segue:

"CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O 'CLUB DEPORTIVO CLUB BALONMÁN CANGAS', E O CONCELLO DE CANGAS PARA DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADE DEPORTIVA - EJERCICIO 2019

REUNIDOS

Por unha banda, Dg XOSÉ MANUEL PAZOS VARELA. Alcalde do CONCELLO DE CANGAS.

Por outra banda, D. M. C. F., presidente do club deportivo 'CLUB BALONMÁN CANGAS', con CIF nº X e domicilio na AVENIDA DE BUEU, nº X-SAN ROQUE-36940 (Cangas), inscrito no Rexistro municipal de asociacións co número 4.

INTERVEÑEN

Ambas as partes, no exercicio das competencias que teñen legalmente atribuídas, recoñecendo reciprocamente capacidade e abrogándose nos termos deste documento.

EXPOÑEN

- PRIMEIRO.- Que o Concello, de conformidade co art. 25.2 m) da Lei 7/85 de 2 de abril, ostenta entre as súas competencias a promoción do deporte e actividade físico-deportiva, debendo prestar cantos servizos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións deportivas da cidadanía.
- SEGUNDO.- Que o 'CLUB BALONMÁN CANGAS', é unha entidade deportiva, encargada de organizar e xestionar distintos proxectos en prol da promoción e desenvolvemento da actividade deportiva.
- TERCEIRO.- Que o 'CLUB BALONMÁN CANGAS', está a desenvolver actividade relacionada co deporte desde a súa creación.
- CUARTO.- Que, se ben, o procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitárase en réxime de concorrencia competitiva, segundo o artigo 19 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderán concederse de forma directa as seguintes subvencións:

- a) As previstas nominativamente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma nos termos recolleitos nos convenios e na normativa reguladora desta subvencións.





b) Aquelas cuxo outorgamento ou contía veñan impostos á administración por unha norma de rango legal, que seguirán procedementos de concesión que lles resulte de aplicación de acordo coa súa propia normativa.

c) Con carácter excepcional, aquelas outras subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

■ QUINTO.- Que segundo o artigo 26.1 da Lei de subvencións de Galicia, os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto nesta.

■ SEXTO.- Que ámbalas partes manifestan un mutuo interese pola cooperación entre ámbalas entidades para favorecer a promoción e fomento da actividade deportiva entre a cidadanía do Concello de Cangas.

Que en consecuencia, estando ámbalas partes comprometidas e de conformidade nos mesmos obxectivos, acordan para os efectos oportunos subscribir un convenio de colaboración suxeito ás seguintes:

CLÁUSULAS

* PRIMEIRA.- O club deportivo 'CLUB BALONMÁN CANGAS', organizará, en colaboración co Concello de Cangas, un plan anual de promoción e fomento da actividade deportiva.

* SEGUNDA.- O Concello de Cangas comprométese a aportar a cantidade de trinta mil euros (30.000,00 €) ao clube deportivo 'CLUB BALONMÁN CANGAS', para o desenvolvemento do nomeado plan de actividade deportiva, con cargo á partida 340.48.01 do orzamento municipal para o exercicio 2019.

* TERCEIRA.- O club deportivo 'CLUB BALONMÁN CANGAS', comprométese a:

- Á realización do plan de actividade deportiva subvencionado e ao pago de cantos gastos, dereitos, canons, taxas, impostos, compensacións aos que dese lugar.
- Cumprir a normativa e obter todos os permisos, licenzas e seguros precisos para a súa execución.
- Someterse ás actuacións de comprobación e organización que aos órganos competentes do Concello realicen respecto da xestión da solvencia e especificamente no relativo á súa realización.
- Notificar ao concello calquera modificación que se pretenda realizar no proxecto inicialmente presentado, que deberá ser autorizado previamente.

* CUARTA.- O club deportivo 'CLUB BALONMÁN CANGAS', comprométese, así mesmo, a presentar no Concello de Cangas, prazo ata o 1 de decembro de 2019, os documentos acreditativos da xustificación da subvención, que serán os seguintes:

- Memoria detallada do programa de actividade desenvolvida, con indicación de que se





cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención e que os fondos foron destinados na súa integridade ao cumprimento desta.

- Promoción do plan de actividade subvencionado. A entidade beneficiaria deberá acreditar o cumprimento da obriga de facer contar clara que este plan de actividade está subvencionado ou patrocinado polo Concello, de acordo co establecido no artigo 31. 22 do Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Orzamentos de ingresos e gastos realizados e facturas orixinals xustificativas dos gastos, nos termos dispostos no artigo 28 da Lei 9 /2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no caso de que se presente unha copia compulsada, con carácter previo á compulsada, deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada polo Concello de Cangas.
- Considérase gasto realizado o que conste como efectivamente pagado antes da fin do período de xustificación da subvención, polo que deberá acreditarse o pagamento efectivo dos diferentes gastos antes da fin dese período.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias co Concello de Cangas, coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social.
- Declaración doutras axudas ou subvencións concedidas ou solicitadas para a mesma finalidade e de calquera outros ingresos destinados ao financiamento da actividade (exemplo: venda de entradas, ingresos por comercialización de efectos...).
- Declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario sinaladas no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, nin ser debedor por obrigas de reintegro de subvencións.
- Certificación da conta bancaria na que se solicitará o ingreso de subvención.

Tanto a memoria como os documentos que integran a xustificación, presentaranse asinados e identificando debidamente á persoa asinante, quen se fará responsable da veracidade e exactitude dos datos consignados na sinalada documentación.

- * QUINTA.- Establécese a obriga por parte do club deportivo 'CLUB BALONMÁN CANGAS', de reintegrar os fondos no suposto de incumprimento dos requisitos e obrigacións establecidas no presente convenio e, en todo caso, nos supostos regulados no artigo 33 da Lei 9 / 2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009 e nos artigos 74 a 76 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- * SEXTA.- No non previsto neste convenio estarase ao disposto na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En proba da súa conformidade, asinan as partes o presente Convenio por duplicado no lugar e data sinalados dixitalmente á marxe".





Ratificación da inclusión na orde do día e declaración da urxencia: de conformidade co sinalado no art. 91.4 e 97.3 do Rd 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes acorda declarar a urxencia e a ratificación da inclusión deste punto na orde do día.

Expediente 5844/2018. Proposta de revogación de licenzas municipais de venda ambulante-ano 2019 (Urxencia)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta de data 10.04.2019 da concelleira de desenvolvemento económico e emprego local sobre as licenzas municipais de venda ambulante, que é como segue:

"PROPOSTA DE PRÓRROGA DAS LICENZAS MUNICIPAIS DE VENDA AMBULANTE PARA O ANO 2019

I.-O Regulamento municipal de venda ambulante do Concello de Cangas (BOP da provincia de Pontevedra nº 67 do 8 de abril de 2013) no seu capítulo IV, prevé que as autorizacións se outorgan por períodos anuais, sendo obxecto de renovación previa solicitude do interesado por períodos sucesivos coincidentes co ano natural previa presentación da documentación orixinal esixida polo Concello.

II.- Por tal motivo, rematado o período de autorización correspondente ao ano 2018, os titulares foron requiridos co fin de que solicitasen a preceptiva renovación para o ano 2019 no modelo formalizado proporcionado outorgando un período de tempo para tal efecto.

III.- As persoas, que de seguido se relacionan, presentaron no período citado as súas solicitudes de renovación, se ben, sendo observadas deficiencias foron requiridas, ao abeiro do disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, para que no prazo de dez días subsanasen os defectos detectados, advertíndolles que de non facelo teríaselles por desistidos do seu pedimento, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992, o que implicará a perda do posto.

IV.- Rematado o prazo outorgado ás persoas que de seguido se relacionan non emendaron satisfactoriamente os defectos detectados polo que, cómpre telos por desistidos do seu pedimento e adoptar o presente acordo que declara a revogación das autorizacións das que eran titulares.

V.- O órgano competente para o outorgamento das licenzas municipais é a Xunta de Goberno Local, segundo o artigo 15 do regulamento vixente.

Á vista do anteriormente exposto propono á Xunta de Goberno Local adoptar o seguinte ACORDO

Primeiro.- Ter por desistido da solicitude de renovación de licenza municipal de venda ambulante para o ano natural 2019 e declarar revogada a licenza municipal de venda ambulante a:

Ref: 48. A. D.





Concello de Cangas

Ref: 103. M. E. C. D.
Ref: 133. M. D. S.
Ref: 137. L. L. S.
Ref: 138. S. E. J.

Segundo.- Advertir aos titulares de licenzas revogadas que, trala notificación do presente acordo, deberán absterse de continuar a colocar o posto no mercado por carecer de autorización, resultando de aplicación o réxime sancionador e as medidas previstas para tal efecto na normativa, todo iso sen prexuízo de que estean obrigados a satisfacer as taxas municipais e calquera outra obriga derivadas da ocupación efectiva do posto.

Terceiro.- Dar traslado deste acordo aos interesados xunto cos recursos procedentes, así como, aos departamentos municipais de tesourería, estatística e concellería de desenvolvemento económico e emprego local".

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850

